

**INFORME:  
MUFACE EN  
GALIZA**

**novembro 2024**



**Confederación Intersindical Galega**

# INFORME DA CIG: MUFACE EN GALIZA

En novembro de 2024, en resposta a unha solicitude da CIG a través da súa representación no Consello Xeral da mutualidade, MUFACE remitiu ao sindicato os datos actualizados de mutualistas do conxunto do Estado, desagregados territorialmente e por colectivos así como por entidades médicas. Os datos totais sitúan o número de mutualistas nun total de **1.460.772** no Estado e de **91.648** en Galiza<sup>1</sup>.

Co obxectivo de proporcionar todos os datos destacados que fan referencia á situación das persoas mutualistas de MUFACE en Galiza e axudar a entender as tendencias que se están a producir nestes últimos anos e que, de seguro, condicionarán o futuro da mutualidade a medio e longo prazo, a CIG fai público o seguinte informe.

Todos os datos do presente informe parten de cifras globais oficiais da Mutualidade e foron tratados polo sindicato para detallar a situación de mutualistas obrigatorios e beneficiarios en Galiza.

## CONSIDERACIÓNS PREVIAS

Dadas algunhas inexactitudes e erros frecuentes no tratamento da información de MUFACE convén deixar claro unha serie de cuestións previas.

- MUFACE non é unha opción para o funcionariado civil do Estado (profesorado, determinados colectivos da administración xeral central, Correos, Policía), tanto en activo como xubilado. É obrigatorio ser mutualista.
- A opcionalidade límitase á prestación sanitaria, que pode ser proporcionada pola sanidade pública ou por aseguradoras privadas.
- MUFACE non só ten prestacións sanitarias senón que tamén ten prestacións sociais, funcionando como un fondo de acción social, como o que teñen moitas administracións e empresas privadas. Neste caso é unha prestación pública directa entre a Mutualidade e as persoas mutualistas. Estas axudas sufriron importantes recortes na década pasada mais aínda teñen un impacto importante en cifras globais.
- Entre as diversas diferenzas que existen por pertencer a MUFACE está o gasto farmacéutico: é menor durante a vida laboral activa e maior tras a xubilación. En MUFACE sempre se paga o 30% do medicamento, o que implica un aforro mentres se traballa, mais un sobrecusto moi relevante unha vez que se xubilan as persoas mutualistas, o que implica, segundo se avanza na idade, un maior gasto farmacéutico.
- No cómputo do gasto sanitario por persoa empréganse comparacións incorrectas que distorsionan a realidade. Hai unha parte do gasto por persoa que nunca asumen as aseguradoras privadas: o farmacéutico. Ese gasto por persoa na sanidade pública

---

<sup>1</sup> Os datos en aberto de MUFACE publicados na súa web, con cifras de decembro de 2023 indican que no conxunto do Estado existían naquela altura 1.537.701 mutualistas, computando tanto a mutualistas obrigatorios, en activo ou xubilados, como a familiares beneficiarios. Esa cifra, no caso de Galiza, era de 101.030. O detalle destes datos referidos a Galiza foron divulgados polo sindicato o 7 de novembro, sendo posteriormente empregados por diferentes medios de comunicación. As cifras do presente informe realizado pola CIG parten de datos oficiais de MUFACE de novembro de 2024.

DATOS ABERTOS DE MUFACE: [https://www.muface.es/muface\\_Home/gl/muface/DATOS-ABIERTOS.html](https://www.muface.es/muface_Home/gl/muface/DATOS-ABIERTOS.html)

compútase dentro do gasto per cápita polo que cando se fala do maior gasto na sanidade pública falséase a realidade.

- Tamén se distorsiona a realidade se non se ten en conta o “convenio rural”, polo cal todas as persoas mutualistas que teñen prestación privada e viven en concellos de menos de 20.000 habitantes fan uso habitual dos centros de saúde do SERGAS, grazas ao convenio asinado entre ambas entidades. Por tanto, á hora de contemplar o efecto na atención primaria do traslado de mutualistas de entidades privadas ao SERGAS debe terse en conta que uso se vén facendo xa da rede sanitaria pública.

## **CONCLUSIÓNS PRINCIPAIS DO INFORME DA CIG SOBRE A SITUACIÓN DE MUFACE EN GALIZA**

1. De entre todos os colectivos funcionariais, o docente, tanto de ensino universitario como non universitario, é o que ofrece uns maiores índices de elección da sanidade pública. No extremo oposto están os funcionarios policiais.
2. Dentro do colectivo de mutualistas xubilados é moi maioritaria a elección de entidades privadas.
3. As últimas incorporacións á función pública marcan unha tendencia moi clara de elección da sanidade pública: un 85,2% do profesorado que aprobou as oposicións en Galiza nos últimos catro anos (con datos de xaneiro de 2021) optaron polo SERGAS. No caso do conxunto do Estado esa porcentaxe é do 74,7%.
4. A maioría do profesorado funcionario de carreira en Galiza opta xa pola sanidade pública, chegando ao 58,9%. Esa cifra chega ao 65% no caso do persoal docente e investigador das universidades públicas.
5. Case tres cuartas partes do funcionariado de Correos e da administración xeral do estado (AXE) en Galiza opta pola prestación privada (72,4%), unha opción que chega ao 92,7% no caso da policía.
6. O total de todo o funcionariado en activo en Galiza repártese case por igual entre as entidades privadas (49%) e o SERGAS (51%)
7. Tendo en conta tamén ao colectivo de persoas xubiladas, no total de mutualistas obrigatorios de MUFACE en Galiza hai un 58,7% que opta polas entidades privadas e un 41,3% que o fai pola sanidade pública
8. Incorporando as persoas beneficiarias (basicamente crianzas e parellas de mutualistas que non pertencen a ningún réxime de cotización) o total de mutualistas en Galiza (91.648) repártese entre o 58% (53.249) que ten prestación sanitaria privada e o 42% (38.399) que opta polo SERGAS.
9. A evolución demográfica, cun avanzado avellentamento do funcionariado e especialmente das persoas mutualistas xubiladas, que conforman a parte principal das persoas que optan pola atención privada, xunto coa tendencia marcada nos últimos anos no colectivo do profesorado do ensino público que, en cifras absolutas máis mutualistas achega ao sistema, indica unha previsión que, de se manter nos próximos anos, aumentará a presión voraz das aseguradoras médicas.

## **A elección de prestación sanitaria do funcionariado mutualista galego: un proceso que avanza cara a sanidade pública**

A opción entre a sanidade privada que ofertan tres aseguradoras médicas (ADESLAS, DKV e ASISA) e a sanidade pública (SERGAS) ten, desde hai anos, unha tendencia clara, cun incremento constante de mutualistas que elixen esta última. Esta situación está fortemente condicionada polo feito de que a inmensa maioría dos e das mutualistas en activo é persoal docente, ben do ensino público universitario ou do non universitario, cun 78% do total entre ambos.

É no colectivo do profesorado onde se produce unha elección maioritaria polo SERGAS, cunhas cifras que son especialmente importantes no funcionariado que accedeu nos últimos anos (85% dos que accederon desde xaneiro de 2021 optaron polo SERGAS), unha tendencia que eleva a case o 59% o número total de docentes en activo que prefiren a sanidade pública. Pola contra, nos demais colectivos a tendencia non variou e mantense unha elección moi maioritaria polas entidades privadas.

Esa diferenza na elección público-privada non se dá con esa contundencia no colectivo de mutualistas xubilados no que, coa excepción de docentes universitarios, se mantén unha primacía da elección de entidades privadas en índices similares a décadas anteriores.

A distribución territorial non ten incidencia na elección de prestación sanitaria, con porcentaxes moi similares en todas as provincias. Así, por exemplo, entre o profesorado da Consellaría a diferenza é de pouco máis dun 5% entre a provincia na que máis se opta polo SERGAS, Lugo cun 61,5%, e a que menos, Ourense cun 56%.

A primeira evidencia destes datos é un importante avellentamento dos e das mutualistas que optan polas entidades privadas, o que sen dúbida está detrás da campaña promovida polas aseguradoras médicas para aumentar os fondos que reciben de MUFACE para facerse cargo do servizo. Ese mesmo dato apunta a un elemento fundamental a ter en conta no futuro a medio prazo: a tendencia consolidada apunta a un incremento da tensión entre os intereses económicos das aseguradoras e o goberno aínda no caso de que, como resultado do novo concurso anunciado por MUFACE se mantivese o servizo nos próximos anos. O relevo xeracional que se está a producir no conxunto da función pública e especialmente no profesorado, principal colectivo en cifras absolutas dentro de MUFACE, polo volume de novas incorporacións nos vindeiros anos, abocaría a un escenario no que o “interese” das aseguradoras se reduciría ao ser menos lucrativo atender a unha poboación de idades máis elevadas na que, por outro lado, se reduce o número de familiares beneficiarios. Neste último caso, hai que ter en conta que ao menor número de mutualistas docentes de novo ingreso se acompaña o propio descenso xeral da natalidade: o escenario que baixo ningún concepto queren as aseguradoras.

Se a todo este panorama engadimos o incremento de contratación de seguros privados de saúde no conxunto do Estado, que no ano 2024 teñen subscrito unha de cada catro persoas, disparándose en comunidades como Madrid ao 40%, cunha clara relación directa co incremento das listas de espera, o diagnóstico parece claro: o que prima é o negocio e neste o colectivo de mutualistas xa non ten, para as aseguradoras, a relevancia que tivo durante décadas.

**CADRO 1. DISTRIBUCIÓN DE MUTUALISTAS OBRIGATORIOS DE GALIZA POR PROVINCIAS, COLECTIVOS PROFESIONAIS E PRESTACIÓN SANITARIA**

<b>MUFACE. Mutualistas obrigatorios</b>			<b>ENTIDADES PRIVADAS</b>	<b>SERGAS</b>	<b>Total</b>
<b>Novembro 2024</b>					
<b>A CORUÑA</b>	<b>EN ACTIVO</b>	DOCENTES CONSELLARÍA	4.663	6.715	<b>11.378</b>
		DOCENTES UNIVERSIDADES	598	1.183	<b>1.781</b>
		POLICIAS	1.475	135	<b>1.610</b>
		OUTROS (CORREOS, AXE...)	1.496	544	<b>2.040</b>
		<b>EN ACTIVO</b>	<b>8.232</b>	<b>8.577</b>	<b>16.809</b>
	<b>XUBILADOS</b>	DOCENTES CONSELLARÍA	5.523	2.415	<b>7.938</b>
		DOCENTES UNIVERSIDADES	353	407	<b>760</b>
		POLICIAS	1.215	161	<b>1.376</b>
		OUTROS (CORREOS, AXE...)	1.101	266	<b>1.367</b>
		<b>XUBILADOS</b>	<b>8.192</b>	<b>3.249</b>	<b>11.441</b>
<b>A CORUÑA</b>			<b>16.424</b>	<b>11.826</b>	<b>28.250</b>
<b>LUGO</b>	<b>EN ACTIVO</b>	DOCENTES CONSELLARÍA	1.359	2.168	<b>3.527</b>
		DOCENTES UNIVERSIDADES	97	197	<b>294</b>
		POLICIAS	322	27	<b>349</b>
		OUTROS (CORREOS, AXE...)	376	174	<b>550</b>
		<b>EN ACTIVO</b>	<b>2.154</b>	<b>2.566</b>	<b>4.720</b>
	<b>XUBILADOS</b>	DOCENTES CONSELLARÍA	2.113	783	<b>2.896</b>
DOCENTES UNIVERSIDADES		54	37	<b>91</b>	
POLICIAS		323	56	<b>379</b>	
OUTROS (CORREOS, AXE...)		311	108	<b>419</b>	
<b>XUBILADOS</b>		<b>2.801</b>	<b>984</b>	<b>3.785</b>	
<b>LUGO</b>			<b>4.955</b>	<b>3.550</b>	<b>8.505</b>
<b>EN ACTIVO</b>	DOCENTES CONSELLARÍA	1.310	1.669	<b>2.979</b>	
	DOCENTES UNIVERSIDADES	78	140	<b>218</b>	
	POLICIAS	269	17	<b>286</b>	

<b>OURENSE</b>		OUTROS (CORREOS, AXE...)	618	176	<b>794</b>
		<b>EN ACTIVO</b>	<b>2.275</b>	<b>2.002</b>	<b>4.277</b>
	<b>XUBILADOS</b>	DOCENTES CONSELLARÍA	1.389	641	<b>2.030</b>
		DOCENTES UNIVERSIDADES	32	32	<b>64</b>
		POLICIAS	275	36	<b>311</b>
		OUTROS (CORREOS, AXE...)	448	148	<b>596</b>
		<b>XUBILADOS</b>	<b>2.144</b>	<b>857</b>	<b>3.001</b>
<b>OURENSE</b>		<b>4.419</b>	<b>2.859</b>	<b>7.278</b>	
<b>PONTEVEDRA</b>	<b>EN ACTIVO</b>	DOCENTES CONSELLARÍA	4.000	5.705	<b>9.705</b>
		DOCENTES UNIVERSIDADES	330	540	<b>870</b>
		POLICIAS	1.135	74	<b>1.209</b>
		OUTROS (CORREOS, AXE...)	1.153	495	<b>1.648</b>
		<b>EN ACTIVO</b>	<b>6.618</b>	<b>6.814</b>	<b>13.432</b>
	<b>XUBILADOS</b>	DOCENTES CONSELLARÍA	4.565	1.708	<b>6.273</b>
		DOCENTES UNIVERSIDADES	159	125	<b>284</b>
		POLICIAS	638	64	<b>702</b>
		OUTROS (CORREOS, AXE...)	705	181	<b>886</b>
		<b>XUBILADOS</b>	<b>6.067</b>	<b>2.078</b>	<b>8.145</b>
	<b>PONTEVEDRA</b>		<b>12.685</b>	<b>8.892</b>	<b>21.577</b>
<b>GALIZA</b>	<b>EN ACTIVO</b>	DOCENTES CONSELLARÍA	11.332	16.257	<b>27.589</b>
		DOCENTES UNIVERSIDADES	1.103	2.060	<b>3.163</b>
		POLICIAS	3.201	253	<b>3.454</b>
		OUTROS (CORREOS, AXE...)	3.643	1.389	<b>5.032</b>
		<b>EN ACTIVO</b>	<b>19.279</b>	<b>19.959</b>	<b>39.238</b>
	<b>XUBILADOS</b>	DOCENTES CONSELLARÍA	13.590	5.547	<b>19.137</b>
		DOCENTES UNIVERSIDADES	598	601	<b>1.199</b>
		POLICIAS	2.451	317	<b>2.768</b>
		OUTROS (CORREOS, AXE...)	2.565	703	<b>3.268</b>
		<b>XUBILADOS</b>	<b>19.204</b>	<b>7.168</b>	<b>26.372</b>

	<b>TOTAL MUTUALISTAS</b>	DOCENTES CONSELLARÍA	<b>24.922</b>	<b>21.804</b>	<b>46.726</b>
		DOCENTES UNIVERSIDADES	<b>1.701</b>	<b>2.661</b>	<b>4.362</b>
		POLICIAS	<b>5.652</b>	<b>570</b>	<b>6.222</b>
		OUTROS (CORREOS, AXE...)	<b>6.208</b>	<b>2.092</b>	<b>8.300</b>
<b>GALIZA</b>		<b>MUTUALISTAS EN TOTAL</b>	<b>38.483</b>	<b>27.127</b>	<b>65.610</b>

## CADRO 2. DISTRIBUCIÓN DE MUTUALISTAS BENEFICIARIOS DE GALIZA

<b>Persoas beneficiarias por provincia e entidade</b>	<b>ENTIDADES PRIVADAS</b>	<b>%</b>	<b>SERGAS</b>	<b>%</b>	<b>TOTAL</b>
A CORUÑA	6.673	58,8%	4.676	41,2%	<b>11.349</b>
LUGO	1.529	52,2%	1.399	47,8%	<b>2.928</b>
OURENSE	1.579	57,9%	1.148	42,1%	<b>2.727</b>
PONTEVEDRA	4.985	55,2%	4.049	44,8%	<b>9.034</b>
<b>TOTAL</b>	<b>14.766</b>	<b>56,7%</b>	<b>11.272</b>	<b>43,3%</b>	<b>26.038</b>

## CADRO 3. DISTRIBUCIÓN DO TOTAL DE PERSOAS MUTUALISTAS EN GALIZA

<b>PERSOAS MUTUALISTAS EN GALIZA</b>	<b>ENTIDAD ES PRIVADAS</b>	<b>%</b>	<b>SERGAS</b>	<b>%</b>	<b>TOTAL</b>
OBRIGATORIAS	38.483	58,7%	27.127	41,3%	<b>65.610</b>
BENEFICIARIAS	14.766	56,7%	11.272	43,3%	<b>26.038</b>
	<b>53.249</b>	<b>58,1%</b>	<b>38.399</b>	<b>41,9%</b>	<b>91.648</b>

#### CADRO 4. DISTRIBUCIÓN DO PERSOAL DOCENTE DA CONSELLARÍA EN ACTIVO

MUTUALISTAS OBRIGATORIOS DOCENTES CONSELLARÍA EN ACTIVO	ENTIDADES PRIVADAS	%	SERGAS	%	TOTAL
A CORUÑA	4.663	41,0%	6.715	59,0%	<b>11.378</b>
LUGO	1.359	38,5%	2.168	61,5%	<b>3.527</b>
OURENSE	1.310	44,0%	1.669	56,0%	<b>2.979</b>
PONTEVEDRA	4.000	41,2%	5.705	58,8%	<b>9.705</b>
<b>TOTAL</b>	<b>11.332</b>	<b>41,1%</b>	<b>16.257</b>	<b>58,9%</b>	<b>27.589</b>

#### CADRO 5. NOVAS INCORPORACIÓNS DE DOCENTES MUTUALISTAS DESDE XANEIRO DE 2021

DOCENTES da Consellaría con ALTA EN MUFACE desde xaneiro 2021	ENTIDADES PRIVADAS	%	SERGAS	%	TOTAL
A CORUÑA	386	14,6%	2.260	85,4%	<b>2.646</b>
LUGO	100	12,8%	684	87,2%	<b>784</b>
OURENSE	113	16,4%	578	83,6%	<b>691</b>
PONTEVEDRA	355	15,4%	1.953	84,6%	<b>2.308</b>
<b>TOTAL</b>	<b>954</b>	<b>14,8%</b>	<b>5.475</b>	<b>85,2%</b>	<b>6.429</b>

#### CADRO 6. COMPARATIVA DE NOVAS INCORPORACIÓNS DE DOCENTES MUTUALISTAS DESDE XANEIRO DE 2021 (GALIZA-ESTADO)

DOCENTES con ALTA EN MUFACE desde xaneiro 2021	ENTIDADES PRIVADAS	%	SEG. SOCIAL	%	TOTAL
GALIZA	954	14,8%	5.475	85,2%	<b>6.429</b>
ESTADO	31.189	25,3%	92.272	74,7%	<b>123.461</b>



**CADRO 7. DISTRIBUCIÓN DO PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR  
FUNCIONARIO DAS UNIVERSIDADES**

<b>MUTUALISTAS OBRIGATORIOS UNIVERSIDADES</b>	<b>ENTIDADES PRIVADAS</b>	<b>%</b>	<b>SERGAS</b>	<b>%</b>	<b>TOTAL</b>
A CORUÑA	598	33,6%	1.183	66,4%	<b>1.781</b>
LUGO	97	33,0%	197	67,0%	<b>294</b>
OURENSE	78	35,8%	140	64,2%	<b>218</b>
PONTEVEDRA	330	37,9%	540	62,1%	<b>870</b>
<b>TOTAL</b>	<b>1.103</b>	<b>34,9%</b>	<b>2.060</b>	<b>65,1%</b>	<b>3.163</b>

**CADRO 8. DISTRIBUCIÓN DO PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO  
EN GALIZA E DE CORREOS**

<b>MUTUALISTAS OBRIGATORIOS AXE-CORREOS EN ACTIVO</b>	<b>ENTIDADES PRIVADAS</b>	<b>%</b>	<b>SERGAS</b>	<b>%</b>	<b>TOTAL</b>
A CORUÑA	1.496	73,3%	544	26,7%	<b>2.040</b>
LUGO	376	68,4%	174	31,6%	<b>550</b>
OURENSE	618	77,8%	176	22,2%	<b>794</b>
PONTEVEDRA	1.153	70,0%	495	30,0%	<b>1.648</b>
<b>TOTAL</b>	<b>3.643</b>	<b>72,4%</b>	<b>1.389</b>	<b>27,6%</b>	<b>5.032</b>

## CADRO 9. DISTRIBUCIÓN DE POLICÍA

MUTUALISTAS OBRIGATORIOS POLICÍA	ENTIDADES PRIVADAS	%	SERGAS	%	TOTAL
A CORUÑA	1.475	91,6%	135	8,4%	<b>1.610</b>
LUGO	322	92,3%	27	7,7%	<b>349</b>
OURENSE	269	94,1%	17	5,9%	<b>286</b>
PONTEVEDRA	1.135	93,9%	74	6,1%	<b>1.209</b>
<b>TOTAL</b>	<b>3.201</b>	<b>92,7%</b>	<b>253</b>	<b>7,3%</b>	<b>3.454</b>

## CADRO 10. DISTRIBUCIÓN DE MUTUALISTAS XUBILADOS (TODOS OS COLECTIVOS)

MUFACE XUBILADOS (novembro 2024)	ENTIDADES PRIVADAS	%	SERGAS	%	TOTAL
A CORUÑA	8.192	71,6%	3.249	28,4%	<b>11.441</b>
LUGO	2.801	74,0%	984	26,0%	<b>3.785</b>
OURENSE	2.144	71,4%	857	28,6%	<b>3.001</b>
PONTEVEDRA	6.067	74,5%	2.078	25,5%	<b>8.145</b>
<b>TOTAL</b>	<b>19.204</b>	<b>72,8%</b>	<b>7.168</b>	<b>27,2%</b>	<b>26.372</b>